

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 28 DE ABRIL DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e oito de abril de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 21 de Abril do dous mil oito (Ordinaria), salvo no referente aos integrantes da mesma posto que non asistiu Dona Manuela Iglesias Collarte.

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE RIB/N/41.5/2007.-

“Visto o escrito de D. Ramón Alonso Camba, en representación de Promociones Lentille, S.L. de data 27 de Marzo de 2008 (R.E.X 1835) onde presenta Proxecto de ampliación de soto e baixo e Reforma de Proxecto Básico e de Execución para 24 vivendas e locais.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 11/04/08 no que se fan as seguintes consideracións:

*** SITUACIÓN E CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:**

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Tal e como se expresou no Informe Técnico para a concesión da Licenza de Obras inicial, os terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, respectándose, na Documentación Técnica presentada, a franxa de 20 m. de fondo respecto a alineación da Estrada Nnal.-120 que quedan incluídos dentro do solo Urbano Non Consolidado.

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a parcela dentro da delimitación do Polígono de Percepción, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1. RC Residencial Cerrada, que aparece grafiada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CD: Centros Diferenciados, que no seu apartado 4.10.2. “Prescripción de ordenacións específicas” dita:

“As alturas sinaladas nas Ordenanzas anteriores veranse limitadas pola altura máxima de percepción non superable en ningún punto ó obxecto de evitar a presenza dunha cortina que impida a contemplación dos valores arquitectónicos da vila, observados dende a Estrada de Acceso.

A tal efecto delimitase un Polígono de Percepción en planos nº 5 dentro do que a edificación, ó nivel da parte superior da cuberta, non superará en ningún punto a rasante da referida estrada...”

A Documentación Técnica presentada plantea a ampliación de planta soto e planta baixa, respectando esta condición.

*** CARACTERÍSTICAS DA PARCELA:**

CESIÓNS:

En base o artigo 19º.- Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro, deberán cederse gratuitamente ó municipio os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento.

No Anexo ó Proxecto presentado, defínese a nova alineación axustada á definida polo planeamento.

*** CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:**

DATA DE VISADO DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO: 25 de marzo de 2008.

A documentación técnica que se presenta plantea o aumento das superficies construídas da planta soto e a planta baixa, manténdose o uso inicialmente proxectado para a planta soto e modificando o de planta baixa, comercial, para uso de garaxe, o que conleva o cambio do planteamento dos accesos as citadas plantas.

As plantas altas manteñen o uso residencial e as superficies inicialmente proxectadas.

<i>Planta.....</i>	<i>superficie construída.....</i>	<i>Uso</i>
<i>Soto</i>	<i>1.435,51 m².....</i>	<i>prazas de garaxe (47) e rochos (29).</i>
<i>Baixa</i>	<i>2.023,14 m².....</i>	<i>prazas de garaxe (87) e portal.</i>
<i>1ª, 2ª, 3ª e 4ª</i>	<i>621,45 m² c/planta.....</i>	<i>6 vivendas por planta.</i>
<i>Baixo Cuberta.....</i>	<i>312,74 m²</i>	<i>rochos.</i>
<i>Total.....</i>	<i>6.257,19 m²</i>	

O Presuposto de Execución Material que se estima, referida a Ampliación de planta soto e planta baixa, no Proxecto Técnico presentado é de 307.749,74 € (trescentos sete mil setecentos corenta e nove euros con setenta e catro céntimos).

A documentación técnica presentada cumpre coas condicións da Normativa Urbanística, condicións de Habitabilidade, condicións de Accesibilidade e condicións de protección contra Incendios.

Sen embargo, proxéctase unha saída de evacuación, dende a planta soto, ó través un vial privado situado no lateral dereito da edificación. Dado que se trata dun espazo de propiedade privada, enténdese da necesidade de xustificar adecuadamente a citada saída.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, unha vez presentada a documentación que garanta a citada saída de emerxencia.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1ª.- Respecto da clasificación urbanística a que se fai referencia o Informe Técnico de data 11/04/08 como o solo urbano consolidado debería procederse a motivación de porqué se entende que estamos ante este tipo de solo posto que na normativa subsidiaria do Concello de Ribadavia punto 1.4.2 só se fai referencia a solo urbano, de xeito que, a súa clasificación como consolidado ou non consolidado deberán motivarse tendo en conta as previsións do artigo 12 da Lei 9/2002 LOUGA, posto que o Réximen Xurídico resultante é diferente e sobre todo se temos en conta o artigo 6 da citada Lei que na interpretación das normas aboga pola solución da menor edificabilidade.

2ª.- A previsión contida no apartado 4.10.2 relativa aos límites das alturas en relación coa creación dunha cortina que impida a contemplación de valores arquitectónicos respecta esta condición, como así se desprende do Informe Técnico no seu apartado de cualificación urbanística.

3ª.- No apartado do Informe Técnico referido a características do Proxecto faise mención a “que a documentación técnica que se presenta plantea o aumento da superficie construída da planta soto e planta baixa, manténdose o uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa comercial para uso de garaxe”, sen que exista ningún tipo de análise sobre se o aumento da superficie construída ou se o cambio de uso axustase aos parámetros legais. A este respecto e no tocante ao aumento das superficies construídas considero de aplicación as normas contidas no apartado 4.1.4.3 sobre condicións de edificación e nas normas subsidiarias do Concello de Ribadavia, mentres que no referente aos usos admitidos sería de aplicación o punto 4.1.3.1 da citada normativa subsidiaria. Entendo que ambos extremos deberán ser obxecto de aclaración para un correcto outorgamento da licenza urbanística, partindo do principio xeral de motivación dos actos administrativos. Por último no Informe Técnico explícase que se proxecta unha saída de evacuación dende a planta soto a través dun vial privado sito no lateral dereito da edificación, o cal implicaría a necesidade de acreditar unha autorización do titular da vía para ocupar este espazo da súa propiedade.

Visto o documento aportado polas partes afectadas mediante o cal recoñecen unha servidumbre de paso sobre a finca propiedade de Don Manuel Martínez Rojo como predio sirvente e a favor das fincas propiedade de Promociones Lentille, S.L. como predios dominantes.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da ampliación da licenza de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo

acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Ampliación de soto e baixo e Reforma de Proxecto Básico e de Execución de edificio para 24 vivendas e locais.

Contía na que se orzan as obras: 307.749,74€

Situación e emprazamento das obras: Avda. Ribeiro nº45, Ribadavia.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Luis A. Chao Gómez e Don Luis Camilo de Anta Rodríguez.

Nome ou razón social do promotor: Promociones Lentille, S.L.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico, respecto a ampliación de planta soto e baixa, e que ascende a 307.749,74 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 8.001,49 euros.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente mantendo o seu uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa e comercial para uso de garaxe.

2.- EXPEDIENTE 3360-SC/231.-

A Xunta de Goberno Local vistos os informes técnicos e xurídicos informou favorablemente o expediente de referencia ordenando a súa revisión ao organo autonómico competente, previa información pública por prazo de 20 días no taboleiro de anuncios do Concello, para a recuperación dunha construción agrícola e a realización dun viñado na finca no Polígono 45, parcela 156 no Camiño Baixada de San Paio, A Quinza.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.-Solicitud de información urbanística interesada por Don José Escudero Rodríguez con domicilio en Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 23/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o inmovible radicado no lugar de Maquianes, Avda Muñoz Calero, 57, Ribadavia a solicitude de Don José Escudero Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.-Solicitud de información urbanística interesada por Don José Escudero Rodríguez con domicilio en Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 23/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar radicado en N-120, Ribadavia a solicitude de Don José Escudero Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3.-Solicitud de información urbanística interesada por Don Alfredo Dominguez Rodriguez con domicilio en San Paio, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 15/06/2007 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o inmovible radicado no lugar de antiga N-120, San Paio a solicitude de Don Alfredo Dominguez Rodriguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.-Solicitud de información urbanística interesada por Don Antonio Domínguez Fernández con domicilio en Camiño da Barca nº 14, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 21/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar radicado en Camiño da Barca nº 14 a solicitude de Don Antonio Domínguez Fernández de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

5.-Solicitud de información urbanística interesada por Don Luis Corbal Fernández con domicilio Casar, 24, Leiro. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 25/04/08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar Maquians de arriba, entre as parcelas 1036 e 979, Ribadavia a solicitude de Don Luis Corbal Fernández de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

6.-Solicitud de información urbanística interesada por Dona Maria de los Angeles Alonso Ríos con domicilio Rúa Salgado Moscoso nº 15, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 22/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén sobre o inmovible radicado no lugar de Rúa Salgado Moscoso nº 15, Ribadavia, a solicitude Dona Maria de los Angeles Alonso Ríos de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

7.-Solicitud de información urbanística interesada por Dona Esther Pumar Vázquez con domicilio Rúa Progreso nº 28, baixo, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 09/04/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén sobre o inmovible radicado no lugar de Rúa Progreso nº 28, baixo, Ribadavia, a solicitude Dona Esther Pumar Vázquez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación do Xuzgado do Contencioso Administrativo nº2 de Ourense en relación co Recurso Abreviado nº 96/08-C polo que ponse en coñecemento da representación procesal da Administración demandada CONCELLO DE RIBADAVIA así como á parte actora JOSE LOPEZ VAZQUEZ, que por providencia de data 27 de Marzo de 2008, señalouse á celebración da Vista preceptiva o próximo día 7 DE MAIO DE 2008, ás 10 HORAS, o que xa se comunicou mediante atento oficio da mesma data, á que se adxuntaba copia da demanda e demais documentos acopiados á mesma.

2º.- Comunicación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Centro de atención o cidadán para entregar o seu destinatario concretamente ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMOS POLA DOAZÓN DE ÓRGANOS.

3º.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente con data de 24 de Abril de 2008 (RE 2531) relativo o expediente de inscrición no rexistro de augas nun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado “ Coio Blanco” sito en As Bouzas, termo municipal de Castrelo de Miño, mediante a cal a Confederación Hidrográfica resolve recoñecer a Comunidade de Montes en Man común “Coio Blanco” un uso conxuntivo cun caudal máximo instantáneo total (l/seg) : 0,15 e cun volumen máximo anual total (m3) : 15.

4º.- Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente con data 24/04/2008 e nº de RE 2533 relativo o expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado “A Cal” sito na carretera de Exposende de Ribadavia mediante o cal a Confederación Hidrográfica resolve recoñecer a Jose Muín Cuiñas o dereito a utilización privativa do seguinte aproveitamento:

TIPO DE USO: Regadío; USO CONSUNTIVO:Si; CAUDAL MÁXIMO INSTANTÁNEO TOTAL (l/seg):0,15; VOLUMEN MÁXIMO ANUAL TOTAL (m3):50

5º.- Comunicación da Consellería de Traballo, Delegación provincial de Ourense con data 24/04/2008 e nº de RE 2527 comunicando que con data 15/02/08 produciuse o traslado da O.E. de Ribadavia que ocupaba os locais cedidos en uso por ese Concello na rúa García Penedo polo que poden dispor dos mesmos.

Asemade pon en coñecemento que xa se iniciou o correspondente expediente de retrocesión.

6º.- Comunicación da Consellería de Sanidade relativa a concesión de subvención para o desenvolvemento do proxecto de promoción de estilos de vida saudable solicitada na contía indicada no anexo da Orde da Consellería de Sanidade de 5/03/2008.

7º.- Comunicación da Mancomunidade do Ribeiro relativa a rescisión do convenio sobre residuos sólidos urbáns e punto limpio, na que se explica a posible rescisión do mesmo en caso de non actualización dos importes a desembolsar polo Concello de Ribadavia a Mancomunidade do Ribeiro.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 31 de Marzo de 2008, pola que se convocan subvencións destinadas as entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude as novas tecnoloxias durante o ano 2008 acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

ORDE DO 17 DE MARZO DE 2008 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONS DESTINADAS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA DIRIXIDAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES.

“Vista a Orde de 17 de Marzo de 2008 pola que se convocan subvencións destinadas a entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, publicada no DOGA nº 64, de 3 de abril de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, de acordo co artigo 5.4.b) da Orde.

Segundo.- Designar como representante do Concello a concelleira Dona Maria Belén Vázquez Padrón”.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA.

Por parte do Sr. Anxo Collarte como Concelleiro Delegado de cultura propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dun acordo en relación co evento do Concello de Redondela celebrado o día 4 de Abril no que se procedía a asignar unha declaración conxunta tendente a pontenciación da cultura galega (ao que os representantes do concello de Ribadavia non puideron asistir) no que o concello de Ribadavia se ratifique no apoio a este tipo de eventos.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Visto o expediente relativo a subvención concedidas a Grupos Carnavalesos durante o exercicio 2008 e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento das subvencións concedidas, entidade e importe e que de seguido relacionanse:

- Grupo Ventos a Ela, por importe de 765 euros.
- Grupo As Quinceañeiras, por importe de 600 euros.
- Grupo A.P.A. Vila de Ribadavia, por importe de 990 euros.
- Grupo Bichos de Crecente, por importe de 492 euros.
- Grupo As Frores do Xardín, por importe de 426 euros.
- Grupo Agrupacion Cruz Vermella O Ribeiro, por importe de 366 euros.
- Grupo Asociacion Valparaiso, por importe de 1.050 euros.
- Grupo 2ª Idade, por importe de 294 euros.
- Grupo Asociación Arrincadeira, por importe de 630 euros.
- Grupo Anaquiños, por importe de 460 euros.
- Grupo Asociación A Chairiña, por importe de 900 euros.
- Grupo Jolpe na Faciana, por importe de 570 euros.
- Grupo Peluquerias Kabelos, por importe de 450 euros.
- Grupo Lodairo, por importe de 900 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/08.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2 /08, por importe de 25.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO